



Xustiza

Esta dinámica que axudará a traballar o concepto da inxustiza na asignación de recursos e oportunidades entre homes e mulleres.

Expor esta actividade a partir da realización dunha tarefa que o alumnado teña que facer na clase se é posible organizándoo en grupos, xa que non sería adecuado que puidesen identificar as puntuacións con persoas concretas. Unha vez que se realizou a actividade, débese dar aos grupos unhas puntuacións falsas, se é posible cun alto grao de inxustiza. Deixar que se pronuncien e expresen sobre o que lles parece.

- É xusto o xeito en que se valorou aos grupos?
- Como vos sentistes cando coñecestes a puntuación do voso grupo?
- As condicións foron iguais para todos?, entón, Que pasou para que non fose xusto?

Tras explicar as razóns desta actividade, aproveitar para introducir a inxustiza que se reflicte no gráfico que representa as ganancias comparativas entre mulleres e homes polo mesmo traballo, pero tamén a presenza das mulleres en cargos directivos (marzo) a representación de mulleres nos parlamentos (maio).

- Esta discriminación, parécese ao que vivistes no xogo?
- Considerades xusta ese tipo de discriminación laboral?

As reflexións e conclusións desta actividade poderían valer como base para expor o guión dunha clipmetraxe.